

NÚMERO 4/16

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE MARZO DE 2016.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas e catro minutos do día trinta e un de marzo de dous mil dezaseis, réunese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Nuria Castro García, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. Ariadna Rodríguez Teijeiro, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares, D. Miguel Tenreiro Bouza e D. Marcos Villar López, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o sr. Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación definitiva do Presuposto municipal para o exercicio 2016.-

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión informativa Xeral en relación coas reclamacións presentadas durante o período de información pública contra o Presuposto Xeral do Concello aprobado inicialmente en sesión de 28-1-2016.-

O sr. Gómez di que o seu grupo non vai debater. O sr. Anido di que a postura do seu grupo a resume unha mensaxe que vai ler e que lle enviou a dito grupo onte, tras a xunta de voceiros, no que di que nesta sesión procede aliviar o debate e non presentar mocións nin rogos e preguntas para darlle todo o protagonismo á solicitude de declaración de zona catastrófica.-

A Presidencia somete a votación o ditame, quedando adoptado, con dez votos a favor e sete en contra, o seguinte acordo:

1º.- Inadmitir ou desestimar, segundo proceda, conforme ao establecido no artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a totalidade das reclamacións formuladas contra o Presuposto Xeral do Concello que a continuación se relacionan e polas causas que se expresa:

1. Reclamacións do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello (rexistro 1275 de 23-2-2016):

a) Inadmitir a reclamación primeira, relativa ao incumprimento da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, por non constituír unha das causas de reclamación previstas no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

b) Desestimar a reclamación segunda, relativa a insuficiencia dos créditos consignados no orzamento para facer fronte ao cumprimento de obrigas esixibles por execución de sentencias xudiciais firmes, por acreditarse no expediente a suficiencia dos créditos presupostarios previstos para cubrir as ditas obrigas esixibles.-

2. Reclamacións de D. Argimiro Casco Lago, veciño de Sada (rexistro 1319 de 24-2-2016):

a) Inadmitir a reclamación primeira, relativa ao incumprimento da regra de gasto no orzamento municipal para 2016, por non constituír unha das causas de reclamación previstas no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

b) Inadmitir as reclamacións segunda apartados a), b), d), e), f), e h), relativas a inclusión de créditos no orzamento, por non constituír unha das causas de reclamación previstas no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

c) Inadmitir a reclamación segunda apartado g), relativa á importancia cuantitativa das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos, por non constituír unha das causas de reclamación previstas no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

d) Desestimar a reclamación segunda apartado c), relativa a insuficiencia dos créditos consignados no orzamento para facer fronte a gastos procedentes doutros exercicios e continxencias xurídicas, por acreditarse no expediente o financiamento das ditas necesidades.-

e) Desestimar a reclamación segunda apartado i), relativa ás previsións de ingresos en concepto de IBI urbana, xa que ditos ingresos considéranse debidamente xustificadas sen que se estime que poidan dar lugar a desequilibrio no orzamento.-

3. Reclamación de representantes da UGT do persoal funcionario deste Concello (rexistro 1330 de 24-2-2016):

Desestimar a reclamación única, relativa á omisión de créditos necesarios para que o complemento específico do das pagas extraordinarias teña a contía legalmente prevista, por acreditarse no expediente

a existencia de crédito adecuado e suficiente para o financiamento das obrigas legalmente esixibles polo dito concepto.-

4. Reclamacións de D. José Pedreira Iglesias, veciño e funcionario deste Concello (rexistro 1422 de 29-2-2016).-

a) Inadmitir a reclamación relativa ao incumprimento do previsto respecto á aprobación dos criterios de reparto da partida de Axuda Social, por non constituír unha das causas de reclamación previstas no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

b) Inadmitir a reclamación relativa á inclusión de créditos destinados ás achegas para Plan de Pensións dos empregados municipais, por non constituír unha das causas de reclamación previstas no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

5. Reclamacións de D. Juan Esteban Méndez Leiva, funcionario deste Concello (rexistro 1430 de 29-2-2016).-

a) Inadmitir a reclamación relativa ao incumprimento do previsto respecto a aprobación dos criterios de reparto da partida de Axuda Social, por non constituír unha das causas de reclamación previstas no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

b) Inadmitir a reclamación relativa á inclusión de créditos destinados ás achegas para Plan de Pensións dos empregados municipais, por non constituír unha das causas de reclamación previstas no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

c) Inadmitir o resto de reclamacións de D. Juan Esteban Méndez Leiva ao non ter con respecto ás mesmas condición de interesado de acordo co artigo 170.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

2º.- Aprobar definitivamente o Presuposto Xeral do Concello para o exercicio 2016 aprobado inicialmente en sesión de 28-1-2016, coas súas Bases de Execución e o Cadro de persoal do Concello para 2016.-

3º.- Notificar este acordo aos interesados que presentaron reclamacións.-

4º.- Relacionar as aplicacións do orzamento prorrogado coas do definitivo, habilitando ao alcalde para a concreción das mesmas previo informe da intervención municipal.-

5º.- Publicar o Presuposto, resumido por capítulos, xunto co Cadro de Persoal, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, e remitir copia de aquel á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 e 169.3 e 4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

2º.- Aprobación definitiva da modificación nº 1/2016 da Relación de Postos de Traballo.-

Visto o ditame da Comisión informativa Xeral en relación coas reclamacións presentadas durante o período de exposición pública da modificación nº 1/2016 da Relación de Postos de Traballo, aprobada inicialmente en sesión de 28-1-2016, e visto o informe de Secretaría de data 18-3-2016, apróbase por maioría, con dez votos a favor e sete abstencións, o seguinte acordo:

1º.- Desestimar a totalidade das suxestións presentadas durante o período de información pública da modificación nº 1/2016 da Relación de Postos de Traballo aprobada inicialmente por acordo plenario de 28-1-2016, por referirse todas elas a cuestións alleas á modificación de que se trata.-

2º.- Aprobar definitivamente a primeira modificación do ano 2016 da Relación de postos de traballo do Concello, segundo o texto que figura no expediente, que obedece á necesidade de creación de postos de traballo de segunda actividade do Corpo de Policía Local, así como á necesidade de modificar o posto de arquitecto cara á súa inmediata cobertura.-

3º.- Publicar integramente a Relación de postos de traballo do Concello no Boletín Oficial da Provincia e remitir copia dela aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.-

3º.- Solicitud de compatibilidade da funcionaria interina municipal Dª. Míriam Lorenzo Pesqueira para o exercicio de actividades privadas.-

Examínase o ditame favorable emitido pola Comisión informativa Xeral sobre o expediente incoado a instancia de Dª. Míriam Lorenzo Pesqueira, funcionaria interina municipal da Subescala Auxiliar de Administración Xeral, para autorización de compatibilidade do seu posto co exercicio da actividade privada de prestación de servizos esporádicos de consultoría por conta propia no ámbito de control de calidade e ambiental no sector industrial, atendido que o posto da solicitante non conleva a percepción de complemento específico que supere o 30% da retribución básica do posto excluída antigüidade, visto o informe da Secretaría Xeral e de conformidade co disposto nos artigos 145 do Texto Refundido das

disposicións legais vixentes en materia de réxime local e 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas, e demais de aplicación.-

O sr. Alcalde di que o talento e o traballo sempre acaban aflorando e se felicita de poder aprobar esta compatibilidade para que a funcionaria solicitante poida desenvolverse no ámbito no que é experta.-

Efectuada votación, acórdase por unanimidade:

Autorizar a compatibilidade solicitada por D^a. Míriam Lorenzo Pesqueira do posto de funcionaria auxiliar interina de Administración Xeral co exercicio da actividade privada de prestación de servizos esporádicos de consultoría por conta propia no ámbito de control de calidade e ambiental no sector industrial, baixo as seguintes condicións:

1. A actividade privada exercerase fóra da xornada laboral e horario de traballo que a interesada teña establecidos no Concello.-

2. A actividade que se compatibiliza non poderá supoñer impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes da empregada municipal nin comprometer a súa imparcialidade e independencia ao servizo do Concello e no seu exercicio estará suxeita ás prohibicións establecidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e en particular, ás comprendidas nos artigos 11 a 15 da dita Lei.-

Control de Órganos de Goberno:

4º.- Informes e comunicacións.-

Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 22-2-2016 a 23-3-2016.-

5º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico preséntanse as seguintes mocións:

5º.1.- Moción de urxencia sobre solicitude de declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil para a zona urbana da Vila de Sada afectada pola inundación producida o día 30-3-2016.-

Dáse lectura á moción subscrita pola Alcaldía e os voceiros da totalidade dos grupos municipais que se somete á consideración do Pleno, ao abeiro do disposto no artigo 64 do Regulamento Orgánico e artigo 91.4 do Regulamento aprobado por RD 2568/1986, para solicitar a declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil para a zona urbana da Vila de Sada afectada pola inundación producida o día 30-3-2016, cuxa urxencia se xustifica na necesidade de restablecer a normalidade na área afectada e paliar os danos producidos, facendo efectivo o dereito de todos os cidadáns á protección en caso de catástrofe.-

Apróbase por unanimidade a declaración de urxencia da moción e os voceiros dos grupos municipais manifiestan o seu acordo coa motivación desta e a vontade común de traballar unidos a prol dos veciños para paliar os efectos destes acontecementos catastróficos.-

Acto seguido o sr. Alcalde somete a votación a moción, quedando adoptado por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Solicitar do Goberno da Nación a declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil para a zona urbana da Vila de Sada afectada pola inundación producida o día 30-3-2016 como consecuencia do desbordamento do Río Maior, con adopción da totalidade das medidas que procedan, de entre as establecidas polo artigo 24 da Lei 17/2015, de 9 de xullo, así como, no seu caso, a concesión das subvencións contempladas no Real Decreto 307/2005, de 18 de marzo e demais disposicións de aplicación.-

2º.- Solicitar da Xunta de Galicia que, no ámbito das súas competencias de conformidade co establecido no artigo 38 da Lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, leve a cabo o restablecemento dos servizos esenciais afectados polo mencionado acontecemento catastrófico e dispoña o outorgamento das axudas que proceda para a reparación dos danos e prexuízos causados, declarando de natureza catastrófica o episodio meteorolóxico acontecido en Sada o día 30-3-2016, previo informe da Axencia Galega de Emerxencias.-

3º.- Instar á Alcaldía á creación inmediata dun punto de información para asesoramento aos veciños afectados e orientación das súas reclamacións.-

4º.- Encomendar á Alcaldía a realización das xestións e a adopción de todas as medidas que procedan para debida execución deste acordo.-

5º.2.- Moción da Alcaldía sobre solicitude a Augas de Galicia de colaboración para execución de infraestruturas hidráulicas de urxente necesidade, ao abeiro do Decreto 59/2013, do 14 de marzo.-

Dáse conta á Corporación da moción que a continuación se transcribe:

“Dada conta dos acontecementos catastróficos ocorridos na rede de auga e saneamento, e nos cauces fluviais existentes no Concello de Sada e na súa contorna, por un amplo asolagamento que se ten producido xa dende a noite do pasado mércores 30 de marzo de 2016, con importantes perdas materiais aínda non cuantificadas, tanto nas vivendas como en garaxes e locais comerciais, sendo obxecto dunha ampla repercusión mediática e difusión pola entidade dos danos producidos.-

O Decreto 59/2013, do 14 de marzo, da Xunta de Galicia, que desenvolve a Lei 9/2010, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, artella a colaboración entre o ente público “Augas de Galicia” e os Concellos.-

O art. 2 do dito Decreto prevé que a actuación da Comunidade Autónoma e das entidades locais terá como finalidade contribuir á consecución dun bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos fixados na lexislación, puidendo ser obxecto da colaboración técnica e financeira calquera obra correspondente aos servizos que integran o ciclo da auga definido no art. 2.16 da Lei 9/2010, de Augas de Galicia.-

A contía da colaboración financeira por parte da Comunidade Autónoma pode alcanzar ata un 100% do custe da obra, incluído o posible incremento do custe das obras derivados de modificacións construtuais, contratos complementarios e outras incidencias acaecidas na execución das obras (art.6º).-

O Concello de Sada considera que para os efectos de evitar os ditos asolagamentos que poden repetirse, deberán analizarse con carácter de urxencia a execución daquelas obras que actúen sobre o cauce na corrección do réxime de corrientes, na protección tanto fronte aos asolagamentos como do dominio público hidráulico (art. 2.31 do Plan de Ordenación do Litoral).-

As principais obras precisas para garantir o ciclo integral da auga, a corrección do réxime de corrientes e para evitar a repetición da situación de asolagamento no municipio de Sada, como a vivida o pasado 30 de marzo de 2016, con respecto ao “sistema fluvial” son as seguintes:

- a. Mellora do cauce no casco urbano, actualmente canalizado cun marco no seu primeiro tramo e mediante tuberías de escasa sección no seu segundo tramo.-
- b. Instalación de comportas na desembocadura do Río Maior para impedir a entrada de auga de mar nas lagoas das Brañas en días previos aos de risco por precipitacións intensas ou persistentes.-

Con respecto á “rede de augas residuais” e a súa incidencia no ciclo integral da auga e o mantemento dos ecosistemas fluviomarinos, igualmente deberán ser executadas con carácter prioritario as previsións xa detectadas polo equipo redactor do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sada, aprobado provisionalmente o 17-3-2016. Concretamente:

- a. A realización dun tanque de tormentas en Sada ou regulación do caudal de augas residuais da rede de saneamento, por importe de 1.000.000 de euros, sendo a súa construción soterrada e ocupando terreos do sistema xeral viario e do paseo marítimo.-
- b. A construción dun tanque de tormentas nas Brañas por importe de 600.000 euros, sendo tamén a dita construción soterrada.
- c. Igualmente habería que construír un novo “bombeo intermedio” da EDAR de Sada.-

A ditos dotacións de servizos resultan imprescindibles para acadar un adecuado ciclo integral da auga, sendo unha actuación que require dun esforzo económico e inversor áxil e inminente que evite que acontecementos tan dramáticos volvan a producirse, carga económica que nestes momentos un Concello como o de Sada (no entorno dos 15.000 habitantes) e no marco do exercicio presupostario actual non pode realizar coa premura que as circunstancias acaecidas esixen e co risco de que os ditos sucesos volven a repetirse.-

Para os efectos de elaborar a documentación sinalada no art. 7º do dito Decreto 59/2013, o Concello de Sada, solicita a colaboración expresa de Augas de Galicia, para o asesoramente técnico e administrativo preciso.-

Por todo o exposto, esta Alcaldía, somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Instar ao ente público “Augas de Galicia”, dependente da Consellería de Medio Ambiente, para que realice a colaboración financeira e técnica co Concello de Sada nos termos anteriormente expresados e concretamente co financiamento do 100% das actuacións tanto relativas ao “sistema fluvial” como á “rede de augas residuais” anteriormente sinaladas, que requiren dunha actuación urxente e inminente co fin de evitar que os ditos asolagamentos poidan repetirse, solicitando expresamente o asesoramente técnico e administrativo necesario para a realización das ditas actuacións así como para tramitar a colaboración de Augas de Galicia.-

Segundo.- Dar traslado á Auga de Galicia do presente acordo co fin de artellar todos os traballos de colaboración precisos para resolver o correcto funcionamento do ciclo integral da auga en Sada, asinando un convenio de colaboración no que se fixen a programación e as prioridades, creando, de ser o caso, o correspondente grupo de traballo.-

Terceiro.- Comunicar a presente resolución ao Presidente do ente público Augas de Galicia e á Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio”.-

Declarada por unanimidade a urxencia da moción, ábrese debate. A moso o seu apoio á moción o sr. Suárez, por tratarse de medidas necesarias ante situacións extraordinarias. No mesmo sentido se pronuncia a sra. Bolaño, quen agradece a actuación dos entes, organismos e persoas que estiveron estes días colaborando co Concello, así como veciños que se ofreceron voluntariamente. O sr. Montouto considera que o obxecto desta moción é unha demanda histórica desta Corporación; expón que o sr. Alcalde e el foron a Augas de Galicia cun proxecto que xa existía cando entrou a nova corporación, pero as súas demandas non foron atendidas, e cre que se deben trasladar de novo a Augas de Galicia estas demandas a través dunha declaración unánime do Pleno, a fin de chegar a ter unhas infraestruturas de calidade. O sr. López Mallo di que na xunta de voceiros quedouse en facer unha declaración institucional unánime, a instancia do PP, e agora achan ademais unha moción do sr. Alcalde; o seu grupo está evidentemente a favor destas obras, se ben a prioridade é o apoio aos afectados polas inundacións, incluso prestándolles asesoramento xurídico; cre que debería celebrarse un pleno extraordinario, se non o convoca o sr. Alcalde o pedirá o grupo PP, porque debe haber unha análise pormenorizada do sucedido, aclarar as causas da inundación e se hai ou non responsables.-

O sr. Alcalde manifesta que esta moción se refire a un dos tres ámbitos de traballo da Corporación neste asunto: baleirar a auga, axudar aos afectados pola inundación e, o obxectivo desta moción, propoñer unha solución estrutural para que estes feitos non se repitan, hai varias cuncas de ríos que conflúen en Sada entre o Río Maior e As Brañas, trátase de investimentos moi custosos e sería o normal a unidade de toda a Corporación para intentar solucionar o problema.-

Sometido a votación o asunto, queda aprobada por unanimidade a moción de que se trata.-

6º.- Rogos e preguntas.-

Na quenda de rogos e preguntas o sr. Tenreiro di que quere presentar un informe á Corporación sobre o acontecido onte e as actuacións desenvolvidas polo Concello ao Respecto. O sr. Anido di que isto non é o que onte se acordou na reunión dos portavoces dos grupos municipais, que acordaron que se faría unha declaración institucional, pero non se presentarían rogos e preguntas nin unha segunda moción; para informar e discutir do tema que se convoque unha sesión extraordinaria. O sr. Tenreiro di que considera necesario explicarlle aos veciños de forma inmediata o traballo que fixo o equipo de goberno estes días, sen esperar a un Pleno extraordinario, e procede a facer un relato minucioso e detallado do acontecido desde que o día 30 ás 4 da mañá houbo un aviso da Policía Local advertindo de problemas de inundacións en determinadas zonas de Sada e se lle traslada este aviso ao alcalde quen á mesma hora se puxo á fronte do operativo; fala da coordinación dos medios municipais desde un primeiro momento, a posta en funcionamento dos distintos medios, contactos co GEAS, Cruz Vermella, Axencia galega de emerxencias, distrito forestal de Betanzos, Viaqua, bombeiros da Coruña, destacando a excepcional colaboración de todos os organismos; expón as distintas reunións mantidas ao longo do día tanto no ámbito dos servizos municipais como con representantes de entidades e organismos competentes en materia de protección civil e emerxencias, a decisión municipal de solicitar a declaración de zona catastrófica, as medidas adoptadas para a atención inmediata das necesidades básicas da poboación afectada, as explicacións recibidas sobre o fenómeno meteorolóxico que orixinou as inundacións tanto en Sada como en Carballo, as operacións para a evacuación da auga, ata as comprobacións efectuadas hoxe pola mañá na zona afectada, as medidas adoptadas en relación co aloxamento dos veciños desprazados, limpeza de varias vivendas para que volveran a ser utilizables canto antes e reunión con persoal municipal para empezar a articular un punto de información sobre as axudas existentes e a maneira de canalizalas. Rematada a exposición do sr. Tenreiro, o sr. Alcalde pregunta se alguén quere intervir, e o sr. Anido di que o seu grupo cumprirá o acordado na xunta de voceiros.-

Non habendo outros asuntos que tratar o sr. Alcalde levanta a sesión ás vinte horas e cincuenta minutos do día ao comezo indicado, e dela esténdese esta acta. Do cal eu, o Secretario, dou fe.-